



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN ECONÓMICA
DO CONSELLO SOCIAL DO 25.02.2021**

LUGAR: Sala I do Edificio Miralles - Campus de Vigo

DATA: 25.02.2021

HORA DE COMEZO: 12:15 h.

HORA DE REMATE: 13:35 h.

LISTA DE ASISTENTES

D. Daniel Barata Quintas

D^a Raquel María Souto García

D. José María Martín Moreno

D. Jesús Graña Nogueiras

D. Antonio Macho Senra

D. Emilio Fernández Zunzunegui

D^a María Elvira Larriba Leira

Secretario: D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O xoves, día 25 de febreiro de 2021, ás 12:15 h., celebrouse reunión ordinaria da Comisión Económica do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (17.12.2020).
2. Informe do presidente.
3. Liquidación do orzamento de 2020, consonte Real Decreto-Lei 14/2012. Carta de avance de auditoría.
4. Corrección de erros do texto do orzamento da UVigo para o exercicio 2021.
5. Aprobación definitiva, se procede, da participación da UVigo no capital social da spin off "Unmanned Galicia, S.L.", consonte acordo do Consello de Goberno de 27 de xaneiro de 2021.
6. Recepción e avaliación do informe de auditoría operativa "Análise da relación entre as spin off e a universidade, para buscar ferramentas que melloren a posición das spin off no mercado a medio prazo".
7. Acordo sobre a asignación de retribucións adicionais ao persoal docente e investigador correspondentes ás convocatorias de 2018 e 2019, como complementos por cargos de xestión, polo labor docente e investigador e pola excelencia curricular docente e investigadora, consonte resolución da Comisión galega de informes, avaliación, certificación e acreditación (CGIACA).
8. Descontos especiais nas tarifas dos cursos de idiomas do Centro de Linguas.
9. Control e seguimento da aplicación do Regulamento de xestión do patrimonio da UVigo. Informe que proceda sobre as doazóns menores e correntes.
10. Control e seguimento da aplicación da Normativa de xestión de espazos universitarios. Informe que proceda sobre as despensas de pago concedidas pola Xerencia.
11. Informe sobre os convenios asinados pola UVigo en decembro de 2020 e xaneiro de 2021.
12. Incorporación do remanente para satisfacer as obrigas dos expedientes E5-20 e E6-20 e do Proxecto T949.
13. Rogos e preguntas.

Os presentes reciben exemplares das publicacións "Estudo sobre o impacto laboral da primeira onda da pandemia de Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo. Marzo-Xuño de 2020" de Luis Espada Recarey e Víctor Manuel Martínez Cacharrón, "Barómetro de empregabilidade da Universidade de Vigo. Perspectiva dos empregadores na era Covid-19" de María Jesús López Miguens e Gloria Caballero Fernández, "Ensayos académicos sobre Iberoamérica y Galicia" de José María Franco García e "La Conciliación. Un derecho imprescindible en el siglo XXI" de Raquel María Vázquez Jiménez.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (17.12.2020).

- ***Apróbase por asentimento.***



PUNTO 2

Informe do Presidente.

Daniel Barata agradece a asistencia da totalidade dos membros, aos que dá a benvinda e agradécelles a presenza, especialmente a Emilio F. Zunzunegui que se incorpora á Comisión por primeira vez e ao que o presidente lle recoñece a importante aportación que ten feito durante os últimos anos ao Consello Social. Valora así mesmo o traballo que está a facer o equipo económico da UVigo e que se reflicte nos asuntos recollidos na Orde do Día.

PUNTO 3

Liquidación do orzamento de 2020, consonte Real Decreto-Lei 14/2012. Carta de avance de auditoría.

O vicerreitor de Economía, José M^a Martín Moreno amosa os principais datos da liquidación provisional do orzamento correspondente ao exercicio de 2020, consonte o que establece o Real Decreto-Lei que obriga a intervir ao Consello Social no caso de que o remanente de Tesourería sexa negativo. Sinala Martín Moreno que o resultado provisional do orzamento é positivo en 4.365.645 €, e engade que a UVigo presenta unha situación económico-financeira saneada que non precisará das correccións do Consello Social. Aclara os fundamentos dalgunhas operacións e presenta distintas hipóteses no caso de que non se tivesen producido.

Respecto da Carta de avance de auditoría, Rodrigo Cerviño subliña a referencia a que, respecto ao remanente de tesourería, a universidade o ten formulado resultando positivo, "polo que non terá efectos no orzamento do exercicio 2021". Igualmente afirma o equipo auditor que se a liquidación do orzamento se corresponde coa que posúe actualmente "non existe motivo para mencionar condición algunha no Informe de auditoría de contas anuais", remitíndose a este informe unha vez finalicen os correspondentes traballos e probas que se están a realizar.

Emilio F. Zunzunegui interésase polas circunstancias nas que se poden utilizar ou non os remanentes, ao que o vicerreitor resposta con distintos exemplos e casos nos que se poden aproveitar, sometidos algúns deles a interpretacións, e da flexibilidade que permiten para empregalos como fondo de Caixa en determinadas operacións.

Jesús Graña pon especial énfase en destacar que a liquidación do orzamento sobre a que se informa ten carácter provisional, á espera da auditoría de contas que se presentará en xuño, o que subscriben os presentes.

- ***Infórmase favorablemente.***

PUNTO 4

Corrección de erros do texto do orzamento da UVigo para o exercicio 2021.

Resume o director de Administración os erros detectados ao cargar o Orzamento de 2021, e que se están a corrixir, aclarando as circunstancias e eivas de cada un e deixando claro que en ningún caso os erros supoñen incremento dos créditos orzados.

- ***A Comisión informa favorablemente.***

PUNTO 5

Aprobación definitiva, se procede, da participación da UVigo no capital social da spin off "Unmanned Galicia, S.L.", consonte acordo do Consello de Goberno de 27 de xaneiro de 2021.

Explica o secretario que o Consello Social deu a aprobación inicial a este asunto no punto 5 do Pleno do 30 de setembro de 2020, e que o Consello de Goberno aprobou a participación da UVigo no capital social da spin-off o 27 de xaneiro de 2021, e agora deberá ser de novo o Consello Social quen dea a aprobación definitiva. Consonte a documentación, a UVigo deberá desembolsar un máximo de 150,05 euros (estimando unha porcentaxe do 5% no capital).

Rodrigo Cerviño e Jesús Graña intercambian información e opinión sobre a partida orzamentaria á que se imputa este custe, que é sempre a mesma segundo manifesta o director de Administración.

- ***A Comisión informa favorablemente a aprobación.***



PUNTO 6

Recepción e avaliación do informe de auditoría operativa "Análise da relación entre as spin off e a universidade, para buscar ferramentas que melloren a posición das spin off no mercado a medio prazo".

Salienta Rodrigo Cerviño a concreción do informe que se presenta, e manifesta que lle merece unha boa valoración. Visto o obxectivo e alcance do traballo e as conclusións xerais, o director de Administración da UVigo resume as recomendacións feitas polos auditores, entre outras incluír a experiencia como requisito para crear spin-off, solicitar un plan de negocio, evitar que se exploten resultados de investigación propiedade da UVigo e ofrecer apoio dende a universidade a que as spin-off contraten como empresas proveedoras para aproveitar ao máximo o coñecemento que se transfere á sociedade. Como condicións a incluír nos acordos de transferencia menciona a contratación de colaboración á universidade para que non quede á marxe, e promover a contratación de persoal responsable que se dedique en exclusiva o desenvolvemento da actividade da spin-off. Rematan as recomendacións sinalando os supostos nos que non é aconsellable realizar acordos de transferencia.

Pecha a exposición sinalando que o informe será remitido á OTRI e á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia para o seu aproveitamento, e dando resposta a unha consulta de Emilio F. Zunzunegui interesándose por como xorden e quen toma a iniciativa para a creación das spin-off.

- ***A Comisión dá a súa conformidade ao informe.***

PUNTO 7

Acordo sobre a asignación de retribucións adicionais ao persoal docente e investigador correspondentes ás convocatorias de 2018 e 2019, como complementos por cargos de xestión, polo labor docente e investigador e pola excelencia curricular docente e investigadora, consonte resolución da Comisión galega de informes, avaliación, certificación e acreditación (CGIACA).

Intervén a xerente da UVigo para dar conta da secuencia seguida para a aprobación dos complementos correspondentes ás convocatorias de 2018 e 2019, que agora se completan tamén cos que estaban pendentes por reclamacións ou recursos. Engade Raquel Souto que estes complementos, que avalía a Axencia para a calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) a través da Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA), serán abonados de maneira inmediata unha vez reciban luz verde do Consello Social.

- ***A Comisión acorda autorizar a asignación das retribucións.***

PUNTO 8

Descostos especiais nas tarifas dos cursos de idiomas do Centro de Linguas.

Expón Rodrigo Cerviño a proposta de que os membros da recién creada Comunidade Alumni accedan a un desconto do 10% nas tarifas dos cursos de idiomas que imparte o Centro de Linguas, co obxectivo de estimular a captación de antigos alumnos e a súa participación e actividade dentro da Comunidade. María Elvira Larriba, Antonio Macho e Raquel Souto intercambian opinións sobre a posibilidade ou conveniencia de que o beneficio se estenda ao Alumni das universidades galegas que se atopen no entorno, e mesmo que outras universidades galegas promovan unha iniciativa semellante que acolla aos Alumni da UVigo. Opina o secretario que a Comunidade Alumni é unha longa aspiración do Consello Social feita realidade hai apenas un mes, e que precisa ter un desenvolvemento específico para o que foi creada: conectar, fidelizar e interactuar cos Alumni da UVigo en calquera lugar do mundo no que se atopen. Engade que a opción de abrir o desconto a Alumni doutras universidades galegas podería desenvolverse noutra liña independente, e que así poderíase pedir dende o Consello Social para que se considere.

Jesús Graña e Rodrigo Cerviño, por outra banda, reflexionan sobre como afecta a medida ao orzamento e cal é a fórmula contable do desconto.

- ***A Comisión aproba a proposta.***



PUNTOS 9 e 10

Control e seguimento da aplicación do Regulamento de xestión do patrimonio da UVigo. Informe que proceda sobre as doazóns menores e correntes.

Control e seguimento da aplicación da Normativa de xestión de espazos universitarios. Informe que proceda sobre as dispensas de pago concedidas pola Xerencia.

Informa o secretario de que estes dous puntos tráense á reunión por canto o Consello Social debe ser informado periodicamente, por unha parte, das doazóns menores rexistradas consonte o Regulamento para a xestión do patrimonio da UVigo, a maiores das competencias de aprobación por calquera título sobre bens inmoables de extraordinario valor, que exceda o 2% do orzamento anual da universidade; e por outra, debe ser informado tamén das dispensas de pago que acorde a xerencia pola cesión de espazos universitarios, consonte a Normativa presentada no Pleno de 29 de xuño de 2017. Sobre ambas cuestións, a Comisión fixo o último control na reunión de febreiro de 2020. O director de Administración comunica que dende entón, e debido fundamentalmente ás consecuencias da pandemia, non se produciu ningunha actividade que deba ser consignada.

- ***A Comisión dáse por informada.***

PUNTO 11

Informe sobre os convenios asinados pola UVigo en decembro de 2020 e xaneiro de 2021.

Sobre o convenio asinado pola UVigo e a Deputación de Pontevedra para o fomento da vocación científico-tecnolóxica entre as mozas, subliña Antonio Macho que na cláusula segunda, ao falar de mentoras e centros, dise que "a priori a captación de mentoras farase.....nas escolas de enxeñaría da UVigo". Entende o conselleiro que non se deberían discriminar outros centros pertencentes ás áreas científico-tecnolóxicas, entre as que cita Químicas, Ciencias do Mar ou Tecnoloxía dos alimentos. Pide que se teña en conta, polo que a Comisión interesa o envío dunha carta comunicando esta petición á Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión universitaria, responsable do proxecto.

- ***A Comisión dáse por informada.***

PUNTO 12

Incorporación do remanente para satisfacer as obrigas dos expedientes E5-20 e E6-20 e do Proxecto T949.

Intervén Rodrigo Cerviño para sinalar que a fin de atender as obrigas de pagamento trala execución dos contratos referidos á subministración de 1.500 ordenadores portátiles para a docencia (Exp. E5/20) e a "Renovación electrónica da Rede Core" (Exp.E6/20), e por realizar trala adxudicación a oportuna reserva de crédito pero sen ter efectuado os debidos documentos de contraído de crédito polos importes previstos, faise preciso dotar a partida correspondente do crédito necesario por importe total de 955.610,08 euros, mediante a asignación á conta do remanente do ano 2020.

O director de Administración explica tamén as circunstancias que concorren no proxecto da convocatoria Ingñicia 2018, cuxo remanente de 2019 non se incorporou ao 2020 e que está prorrogada ata o 30 de xuño de 2021. Solicítase unha incorporación na partida correspondente do remanente de 2019 por importe de 74.516,43 €.

Rematada a exposición Jesús Graña entra en pormenores con Raquel Souto e Rodrigo Cerviño sobre a tramitación de procedementos por emerxencia e as restricións ás que están sometidos. A xerente asegura que hai xustificación suficiente, e que neste caso está garantida expresamente dende a propia Administración autonómica.

- ***A Comisión acorda aprobar a incorporación dos remanentes.***



PUNTO 13

Rogos e preguntas

Pide a palabra o secretario para dar conta de que -consonte se desprende dos prazos que baralla a Consellería de Educación para renovar unha parte dos Consellos Sociais, ineludible no caso dos conselleiros que cumpriron xa oito anos de estadía- podería ser a última comisión que presidise Daniel Barata, a quen agradece a súa valiosa aportación, o seu alto sentido da responsabilidade e o elevado grao de cumprimento dos seus cometidos, tanto na comisión como na vicepresidencia do Consello Social, durante os últimos anos. Os presentes amosan de xeito unánime o seu recoñecemento e gratitude a Barata Quintas, así como a satisfacción e a positividade na que se desenvolveu o tempo compartido nestas tarefas. O presidente agradece as manifestacións e, de xeito especial, "a oportunidade de poder convivir con vos este tempo", que cualificou de "extraordinaria e moi gratificante experiencia". Lembra algúns problemas de saúde -"afortunadamente superados"- e amósase a estar permanentemente disposto ante calquera situación na que se lle precise no futuro.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:35 horas do 25 de febreiro de 2021, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,
O presidente,

O secretario,

Daniel Barata Quintas

Ignacio Rodríguez Iglesias